

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 04/03/1971**

**Colección:**

**Data:** 04/03/1971

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Fernando Pereira Caamaño;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con correccións manuscritas]

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Asuntos particulares; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1971; Exposición de Luís Seoane. Vigo. 1970; Política;

**Mencionados:**

Alberto Cerdeira; Manuel Fraga; Xosé Luís Méndez Ferrín;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 04/03/1971**

Buenos Aires, 4 de marzo de 1971

Sr. D. Fernando Pereira  
Montevideo

Querido amigo:

Remíttolle a miña carta de agradecemento ó Presidente do Patronato D. Abelardo Cerdeira e á Xunta Direitiva, e adxúntolle a carta que fixen pública con unha resposta ós que fan A Nosa Terra.

Todo isto é moi triste. Matino que, coa laboura feita por min, boa, regular, ou mala,

mais sempre adicada a eisaltar a Galicia, merezo un ataque maior, polo menos en canto a espacio nese periódico, que Fraga Iribarne, ou os moitos que se comportaron coma enemigos da terra dende fai moitos anos. Mais deixemos esto. De Méndez Ferrín sei que está facendo xestiós pra poñelo en liberdade. Eu fixen no mes de decembro unha mostra de óleos e grabados na Galería que inaugurou a súa dona en Vigo. Farei nos transcurso deste mes os dibuxos e a tapa pró libro que vostedes van a editar. A min parésceme moi bon e con moito gusto colaborarei na súa edición. Eu marcharei na primeira quincena de abril pra Europa. O día 6, aínda non está confirmada a data, faise no Museo de Arte Moderno deiquí unha grande mostra retrospectiva de douscentos grabados meus.

Neste intre recibo outra súa. 1) Non estarei en Buenos Aires en xulio, posibelmente estarei en Galicia. 2) Teño feita a miña resposta agradecendo a carta do Patronato. 3) Mais arriba escribolle que farei os dibuxos neste mes, percisamente porque marchou. Penso que teñen de editarse.

Si podo serlles útil en Galicia, sereino con moito gusto.

Saúdos a tódolos amigos desa e ós meus, e reciba unha forte aperta:

[Seoane]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.